



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

### SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

**Día venres 30 de xuño de 2017,**

No SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:10 horas do día venres 30 de xuño de 2017, a fin de celebrar Sesión Extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero

#### **ORDE DO DÍA.**

1.- ASUNTO: **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**- Os/as señores/sras concelleiros/as declaran coñecer o contido do borrador da acta da sesión ordinaria anterior, de data 9 de xuño de 2017, enviado coa convocatoria por correo electrónico.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDA:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrado o día 9 de xuño de 2017.

#### PROPOSTAS ORDINARIAS

##### **PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**

2.- ASUNTO: **APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DENOMINADO <<PONTE SOBRE O RÍO MARUZO NO LUGAR DE AUGAS SANTAS>> A INCLUIR NO PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017 DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.**-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

<<Logo de ver o proxecto de obras denominado “ Ponte sobre o Río Maruzo no lugar de Augas Santas”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Don Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, informado favorablemente polos servizos técnicos deste Concello sobre a



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES. (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

dispoñibilidade dos terreos e cumprimento do Proxecto á legalidade urbanística (adecuación das obras proxectadas á normativa urbanística), encargado por esta Alcaldía- Presidencia á empresa contratada polo Concello de Frades para a redacción de proxectos de obras públicas (Estudio Técnico Gallego S.A.), de data xuño de 2017, para a súa inclusión no PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017 DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.

Logo de ver o informe da Secretaria municipal sobre a lexislación aplicable e procedemento a seguir para a súa aprobación. (Ref. CF 79.2017), que se incorpora ao expediente.

Logo de ver que solicitouse autorización sectorial a Augas de Galicia o 1-6-2017.

Examinada a documentación que a acompaña,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local, propoño ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 ñ) da citada Lei, a adopción do seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto denominado “Ponte sobre o Río Maruzo no lugar de Augas Santas”, encargado por esta Alcaldía- Presidencia á empresa contratada polo Concello de Frades para a redacción de proxectos de obras públicas (Estudio Técnico Gallego S.A.), de data xuño de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Don Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, por importe de 80.715,11 euros para a súa inclusión no PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017.>>

Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por unanimidade ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos.

### PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

3.- ASUNTO: **APROBACIÓN DA INCLUSIÓN DAS OBRAS DENOMINADAS <<PONTE SOBRE O RÍO MARUZO NO LUGAR DE AUGAS SANTAS>> NO PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017 DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.-**

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

<<Esta Alcaldía- Presidencia ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural (fax de data 20 de xuño de 2017 recibido neste Concello o 21 de xuño de 2017 con número de rexistro de entrada 708), de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (Plan de Infraestruturas Rurais 2017), consistentes en <<Ponte sobre o Río Maruzo no lugar de Augas Santas>>



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

*Propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

**Manifestar a aceptación polo Concello de Fraides á execución da mesma en réxime de cooperación comprometéndose a:**

- *A posta a disposición, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/as obra/s.*
- *A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.*
- *Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.*
- *Designar ao Alcalde- Presidente como persoa designada para levar a cabo a sinatura do Convenio e acreditar que está legalmente facultada para este acto.*
- *Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.*
- *O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.*
- *O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos*
- *A adecuación das obras á normativa urbanística, visto o Informe dos servizos técnicos deste Concello>>*

Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por unanimidade ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos aos efectos de solicitar a inclusión das obras denominadas <<PONTE SOBRE O RÍO MARUZO NO LUGAR DE AUGAS SANTAS>> no PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017 da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

**PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fades.diaoruna.es

### 4.- ASUNTO: ACLARACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

<<Logo de ver que o Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que constitúe o feito impoñible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se achen afectos.

Dun dereito real de superficie.

Dun dereito real de usufruto.

Do dereito de propiedade.

Logo de ver que no Pleno do 12 de agosto de 2015 aprobouse a bonificación do 95% da cota íntegra do IBI naqueles inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario.

Logo de ver que a redacción das bonificacións da Ordenanza vixente do Importo de Bens Inmobles é a seguinte:

#### <<ARTIGO 9º.- BONIFICACIONES

1. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación terá carácter rogado e sortirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

A bonificación será aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local previo informe técnico.>>

Visto que é preciso realizar algunha aclaración/ consideración á mesma en aras a definir con precisión o procedemento para a concesión das bonificacións tendo en conta que a xestión deste tributo está delegada á Deputación Provincial de A Coruña, sendo a mesma a competente para a aprobación das bonificacións, e sendo o Concello Pleno o órgano competente para proceder a apreciar as circunstancias necesarias, previa presentación da documentación necesaria polos interesados e previo Informe dos Servizos Técnicos para a **declaración da actividade agraria, gandeira pertencentes ao sector primario como de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.**

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado 10 de febreiro de 2016 acordou aprobar entre outros o seguinte asunto:

**“ (...) CONCRECIÓN REQUISITOS SOLICITUDE BONIFICACIÓN IBI ACTIVIDADE GANDEIRA E AGRARIA.-**

Pola Secretaria dáse conta da proposta da alcaldía en relación ao asunto referenciado:

“ (...) Con data 30 de outubro de 2015 publicouse no BOP nº 208 da Provincia de A Coruña, a aprobación definitiva da Ordenanza do Imposto de Bens Inmóbles do Concello de Frades.

No artigo 9, régúlanse as bonificacións no Imposto de Bens Inmóbles “ (...) 1.Gozarán dunha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que se desenrolem, total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración (...) “.

“ A bonificación terá carácter rogado e sortirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo...”

No texto da Ordenanza enuméranse os documentos que será necesario presentar xunto coa solicitude da bonificación. Por esta Alcaldía, logo de ver que a dita documentación non se atopa suficientemente detallada, enumérase o seguinte protocolo de actuación en desenrolo do regulado no artigo 9 da Ordenanza, de xeito que o dito protocolo recolla as diferentes situacións das familias que poden solicitar a bonificación e se adapte ás diferentes características socio-económicas dos habitantes do Concello.

### **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:**

#### **1.- PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Ata o 28 de marzo de 2016

### 2.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- *Solicitud de bonificación dirigida ao Alcalde- Presidente da Entidade.*
- *Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.*
- *Acreditación da titularidade catastral do inmovible, que concrétese na presentación dos seguintes extremos:*

1.- *Acreditación da referencia catastral do inmovible onde se exerce a actividade.*

2.- *Acreditación do título habilitante para a realización da actividade gandeira ou agraria no dito inmovible. Entenderase como título habilitante calquera título (propiedade, aluguer, cesión...) mediante o cal poda acreditarse que o interesado está autorizado para exercer a actividade gandeira ou agraria nese inmovible concreto.*

*Achégase modelo no caso de cesión de inmovible.*

### **\*MODELO DE CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE GANDEIRA OU AGRARIA**

Dunha parte D/Dª \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, actuando como propietario/a da finca coa referencia catastral nº \_\_\_\_\_, con nº polígono \_\_\_\_\_ nº parcela \_\_\_\_\_ do Concello de Frades.

Doutra parte Don/Dona....., con DNI....., titular da licenza ou recoñecemento da explotación correspondente nº.....

*As partes, de mutuo acordo recoñécense a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente acordo de CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA, e a cuxos efectos, ACORDAN:*

*A cesión do inmovible con referencia catastral nº..... propiedade de Don/Dona..... (CEDENTE) a Don /Dona..... (CESIONARIO) para realización de ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA.*

*Frades.....*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

- Certificado de non ter débedas coa Facenda Estatal, autonómica ou local; nin coa Seguridade Social, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

Deberase presentar o Libro de explotacións agrarias ou gandeiras actualizado ao 2015 (sinalar que pódese acceder ao mesmo a través da oficina agraria virtual), xunto coa folla de saneamento no caso das explotacións gandeiras de vacuno, ovino e caprino. (...)"

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA, a aprobación do contido da proposta da alcaldía en tódolos seus termos, e a solicitude á DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA.-SERVIZO DE SANIDADE ANIMAL dunha base de datos do REGA (Rexistro de explotacións gandeiras de Galicia), do Concello de Frades, aos efectos de comprobar a documentación presentada para obter a bonificación, que conteña os seguintes datos:

- Código de explotación
- Ubicación da explotación
- Titular da explotación
- Tipo de ganado
- Nome
- DNI
- CIF
- Razón social (...)"

**Logo de ver canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a nova redacción do artigo 9 da Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles no Concello de Frades, recollendo o exposto anteriormente de xeito que resulte unha regulación homoxénea, aclaratoria, coordinada e uniformada, co teor literal seguinte:

### <<ARTIGO 9º.- BONIFICACIONES

1. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

A bonificación terá carácter rogado e sortirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar no Concello **ata o 5 de decembro de cada ano** a seguinte documentación:

### 2. Documentación a presentar:

- Solicitude da bonificación dirixida ao Alcalde- Presidente da Entidade.
- Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible, que concrétese na presentación dos seguintes extremos:

1.- Acreditación da referencia catastral do inmovible onde se exerce a actividade.

2.- Acreditación do título habilitante para a realización da actividade gandeira ou agraria no dito inmovible. Entenderase como título habilitante calquera título (propiedade, aluguer, cesión...) mediante o cal poda acreditarse que o interesado está autorizado para exercer a actividade gandeira ou agraria nese inmovible concreto.

Achégase modelo no caso de cesión de inmovible.

### \*MODELO DE CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE GANDEIRA OU AGRARIA

Dunha parte D/Dª \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, actuando como propietario/a da finca coa referencia catastral nº \_\_\_\_\_, con nº polígono \_\_\_\_\_ nº parcela \_\_\_\_\_ do Concello de Frades.

Doutra parte Don/Dona....., con DNI....., titular da licenza ou recoñecemento da explotación correspondente nº.....

As partes, de mutuo acordo recoñécense a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente acordo de CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA, e a cuxos efectos,

ACORDAN:

A cesión do inmovible con referencia catastral nº..... propiedade de Don/Dona..... (CEDENTE) a Don /Dona..... (CESIONARIO) para realización de ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA.

Frades.....





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- *Certificado de non ter débedas coa Facenda Estatal, autonómica ou local; nin coa Seguridade Social, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.*
- *Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.*
- *Deberase presentar o Libro de explotacións agrarias ou gandeiras actualizado a cada ano (sinalar que pódese acceder ao mesmo a través da oficina agraria virtual), xunto coa folla de saneamento no caso das explotacións gandeiras de vacún, ovino e caprino.*

3. O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

*Porén, os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera cambio das circunstancias e requisitos que no seu día serviron de base para a declaración dunha actividade agraria e gandeira de especial interese ou utilidade municipal, trasladándose polo tanto a carga desta obriga ao obrigado tributario.*

4. Unha vez declarada a actividade agraria, gandeira pertencente ao sector primario, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación municipal previo informe técnico, a bonificación será aprobada pola Deputación Provincial de A Coruña nos termos da delegación.>>

**SEGUNDO.-** *Someter a modificación da Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis no Concello de Frades a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.concellodefades.es>].*

**TERCEIRO.-** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.>>*

Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por maioría absoluta (oito votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG) ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos.

**PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

### 5.- ASUNTO: APROBACIÓN PADRÓN LIXO 2017.-

O Sr. Alcalde presenta o Padrón de Residuos Sólidos Urbanos para o presente ano 2017, no que que contén a relación de contribuíntes beneficiarios deste servizo que por conseguinte estas suxeitos ás taxas aprobadas na correspondente ordenanza.

Logo de ver canto antecede, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o Padrón de Lixo 2017.

2.- A remisión ó Boletín Oficial da Provincia para a súa exposición pública polo prazo de quince días a contar dende a publicación do anuncio.

Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por unanimidade ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:40 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo: Carmen Gómez Otero.